

IES MURALLA ROMANA

ÚLTIMA CHISPA

Seguía no mesmo lugar,
pero non coa mesma sensación,
Isto podería facer que me parara
o corazón.
Sigo tendo os mesmos recordos
pero sen os mesmo acordos,
seguen dando voltas na miña mente
as palabras que xa non di ninguén.

Malak Aksasse Khouya, 4º ESO B

ESTACIÓNS

Traio flores con moitas cores,
Son un pouco bipolar e non paro
de mudar.
Empeza a etapa na que a xente morre
de medo. Pinto de amarelo ou laranxa o chan
coas miñas follas.
A etapa favorita de moita xente,
traio calor e moita diversión,
podo quedarme fitando o mar
mentres sinto a liberdade.
O días son máis curtos,
a xente ascende en silencio
cos seus abrigos mentres
vai pasando o inverno.

Malak Aksasse Khouya, 4º ESO B

NOSTALXIA DA INFANCIA

Acordo os veráns sen preocupacións,
o único obxectivo era divertirse,
non importaba que levabas posto ou
como te viras, nada diso importaba.
Tamén lembro como só xogaba dende
o día ata a noite sen pensar que deberes
tiña que facer ou que van pensar de min.

Malak Aksasse Khouya, 4º ESO B

O acosador

Sempre detestei o sendeiro que unía a miña casa coa escola. Producíame arrepiños soamente pensar naquel camiño escuro onde a néboa non permitía ver máis alá do pavimento baixo os meus pés. Camiñaba pendente de cada ruído ao meu redor e ata do máis leve movemento. Ao instante, comecei a escoitar o que semellaban pasos, como leves follas sendo esmagadas por pisadas. O temor fixo que fuxise ata que alcancei o meu fogar, aínda que o medo e as dúbidas ocuparon a miña mente aquela noite. Os vindeiros días aconteceron sucesos parecidos, cada vez tiña máis certeza de estar sendo perseguida e a constante ansiedade xa non me permitía durmir. Un día, guiada pola angustia, adentreime no escuro bosque. Seguindo entre a néboa as pisadas que tanto me atemorizaban, adivíñei a sombra á distancia e corrín tras ela cruzando a espesa néboa. Para a miña sorpresa, a figura virouse coma se tratase de distinguir a orixe do ruído causado polas miñas pegadas. Entón, recoñecina: era eu afastándome na bruma cara o final do sendeiro.

Moraima Bagaría Vázquez, 4º ESO B

Morriña

Agardaba no salón a chegada da miña nai. Estaba farta de escoitar os mesmos sermóns e recomendacións, de todas maneiras, sabía de sobra que ela nunca entendería a miña dor. El seguía na cama prostrado e ela non era capaz de soportalo. Sabía que o quería, entón: Por que seguía empeñada en afastalo de min? Ese día miña nai chorou e suplicou para que contase a verdade, as mesmas historias que

contaba sempre. Vin como a mirada dos seus ollos cambiaba ao ver que non tiña intención de ceder e sabía que xa non quedaba outro xeito de amañar a situación. Non podía permitilo. Aquela noite, miña nai ficou na cama, da mesma maneira que acabara o meu marido había meses. Eu queríaos, mais non foran capaces de entendelo. Agora só quedaba o silencio da decisión que xa tomara.

Moraima Bagaría Vázquez, 4º ESO B

Desamor

Xa non esperaba que a súa mirada se pousara en min. A pesar de todas as maneiras nas que intentara chamar a súa atención, tiña claro que a que importaba na súa mente era ela. O meu peito encollíase cada vez que un deses sorrisos saía de maneira natural con ela, mentres que comigo era imposíbel. Cambiei cada aspecto de min mesma, faría calquera cousa por el. Chegou un punto no que os cambios eran irreversíbeis. As constantes operacións estéticas fixeran que o meu corpo fose un totalmente diferente, pero pensaba que, ao mellor, desta maneira era suficiente para gustarlle. Ata que un día se dirixiu a min:

- Sabes onde se atopa Sara? Levo meses sen vela.

O meu corazón latexou con forza: esa era eu. Porén, a ilusión foi pronto substituída por unha grande angustia: xa nin sequera era capaz de recoñecerme.

Moraima Bagaría Vázquez, 4º ESO B

A miña familia de dúas nais

Chámome Noa e teño trece anos. A miña vida sempre foi bastante normal, ou polo menos eu así o vexo. Vivo cunha familia agarimosa e paciente, aínda que tamén hai discusións de cando en vez (como en todas partes). A única diferenza é que, no meu caso, teño dúas nais.

Para min iso é tan normal como respirar, porque así o coñezo desde pequena. Porén, no cole non todo o mundo pensa igual. Cando comecei a falar da miña familia, algúns compañeiros puxeron caras raras, coma se eu lles contase algo imposible. Ao principio non lle daba importancia, pero pouco a pouco notei que había comentarios feitos con mala intención.

Un día, na clase de plástica, unha nena preguntoume quen era “a nai de verdade”. Eu quedei un pouco perdida, porque non sabía por onde empezar. Ao final dixerun: “As dúas. As dúas están comigo todos os días, as dúas me queren e as dúas me botan broncas cando suspendo”. A profe sorriu, pero a nena ficou con mala cara, coma se non quedase convencida.

No patio tamén houbo momentos incómodos. Un rapaz dicía que era “raro” ter dúas nais, e incluso imitou voces agudas para se rir delas un par de veces. Ese día cheguei á casa con dor de gorxa. As miñas nais decatáronse rápido de que algo non ía ben e sentaron comigo no sofá. Dixéronme que hai xente que fala sen saber e iso non significa que teñan razón. Tamén me explicaron que as familias son diferentes, e iso é algo bo, non malo.

A verdade é que escoitalas sempre me tranquiliza. Unha delas é moi tranquila e sempre procura que vexa as cousas con clareza. A outra é máis divertida e consegue facerme rir mesmo cando estou triste. Creo que por iso funcionan tan ben xuntas. No cole, pouco a pouco aprendín a non calar. Cando alguén fai un comentario parvo, agora teño máis forza para dicir: “A miña familia é tan válida coma a túa”. Moitos xa o aceptan con normalidade. Outros seguen mirando raro, pero xa non me afecta tanto. A profe de titoría tamén axudou moito. Un día fixo unha actividade sobre diversidade familiar. Falamos de familias con dous pais, con dúas nais, monoparentais, adoptivas... Ao final varios compañeiros quedaron sorprendidos ao ver cantos tipos de familias hai no mundo. Hoxe sinto orgullo da miña vida. As miñas dúas nais danme o dobre de apoio e o dobre de abrazos, e tamén o dobre de: “Noa, recolle o cuarto xa!”. E está ben así. Porque o importante non é como é unha familia por fóra, senón o cariño que hai dentro.

Aitana Blanco Armesto, 4º ESO B

A perspectiva misteriosa

Coma cada noite cando a xente vai durmir eu esperto, as veces máis preguiceira e tímida escondida nun mar de nubes, e outras veces en todo o meu esplendor e brillo. Esta noite síntome diminuta e misteriosa e observo todas as luces da cidade que intentan, sen conseguilo, facerme fronte. Tamén observo todas as persoas que pasan, non son moitas aínda que algúns días podo ver a moita xente facendo o tolo ata as tantas. Esta noite non, a xente que pasa vese sen moitas ganas de estar alí, non me senta mal, ou ben, un pouco. Custa entender por que ninguén se fixa en min, só miran o horrible chan opaco. Ás veces recordo que sen o que teño detrás non sería o que tanto me gusta ser, pero acaso unha non pode ter axuda? Son única, intocable ata hai pouco; son a lúa a vidente do ceo.

Malena Granero Vázquez, 4º ESO B

Dúbidas

O meu fogar,

a miña retención.

Morro ao falar

morrerei se non falo.

Moito que perder,

algo que gañar.

Non teño máis que aprender,

queda tanto por estudar.

Ser alguén,

ser ninguén...

E mentres me fago esa pregunta,

as respostas chegan soas.

Malena Granero Vázquez, 4º ESO B

Eu

Desde pequena sempre tiven a sensación de estar acompañada. Non era medo nin fantasía, era esa impresión sutil, incómoda, de que un espírito me observaba desde algún lugar onde eu non podía entrar, ata que un día digamos que o conseguín. Tivera toda a semana uns soños moi reais pero á vez moi peculiares. Neles saía eu pero diferente, cunhas personalidades que realmente non tiña.

Esta mañá ao despertar dinme conta de que non soñara nada, ou que non o recordaba. Fixen o de sempre: almorcei, vestínme e arranxeime un pouco máis da conta e saín pola porta. Pero ao pechar coa chave de súpeto empezoume a doer tanto a cabeza que caín ao chan nun desmaio. Cando espertei, ou iso é o que lembro, seguía con esa dor tan forte pero esta vez era provocada polas diferentes voces que oía na miña cabeza. O máis alarmante é que todas me eran familiares, mais o peor aínda estaba por chegar. Cando me levantei e mirei cara o corredor vin a catro persoas idénticas a min.

A primeira vestía con roupa de marcas que eu na miña vida podería permitirme, ademais transmitía unha confianza que non podía imaxinar no meu corpo. Polo contrario unha delas estaba aínda co pixama posto e parecía que estaba tan metida na súa mente que sería difícil traela de volta. A seguinte semellaba moi feliz; vestía moi fresca para a época do ano que era e tiña unha cara de namorada que se vía desde fóra do edificio. A última, e a que máis me sorprendeu, foi a embarazada. Verme a min mesma con esa barriga resultoume tan aterrador... a pobre víase tan cansa que parecía que en calquera momento caería rendida ao chan.

Quedei paralizada, sen alento, sen saber se berrar ou correr. A cabeza seguía latexando. E aquelas catro versións de min mesma mirábanme. Non con odio, nin con cariño, senón cunha especie de expectativa silenciosa. A primeira, a muller rica, cruzou os brazos sorrindo cunha suficiencia que me fixo tremer.

-Por fin esperta -murmurou. -Pensabas que podías seguir ignorándonos para sempre?

A do pixama nin sequera levantou a cabeza. Musitaba frases sen sentido, coma atrapada nun pensamento que non lograba entender.

A morena, a feliz, deu un paso cara min. Os seus ollos brillaban cunha luz que eu non lembraba ter visto nunca no meu espello.

-Non te preocupes -dixo ela. Só viñemos porque xa non podías seguir vivindo sen nós.

A embarazada non falou, pero levantou unha man, sinalándome. A súa mirada dicíame todo: medos, renuncias, despedidas... Mireina con tristeza e algo de medo.

Déronme ganas de chorar, de pechar os ollos e suplicar que desaparecesen, pero non puiden. Algo dentro de min entendía que aquilo non era unha ilusión. Nin un soño. Talvez un castigo.

-Por que agora? -preguntei finalmente.

A do pixama, sen levantar a cabeza, respondeu cun fío de voz:

-Porque xa non sabes quen es.

Traguei saliva. Aquilo feríume coma se unha frecha me atravesase o corazón.

A muller rica fixo un xesto cara min, impaciente:

-Ti elixiches ser quen es, pero deixaches atrás todo o que poderías ter sido. E iso crea espazo. Espazo onde nós vivimos.

A embarazada deu a volta e comezou a afastarse polo corredor, cunha man na barriga e a outra na parede. A feliz colleu o meu brazo con delicadeza.

-Non vimos para asustarte. Só para lembrarche que non estás rota, só dividida.

E entón vin algo que non esperaba. A do pixama ergueu a cabeza, cos ollos brillantes de medo, e murmurou:

-Alguén máis vén.

A luz do corredor acendeuse. O ambiente volveuse tenso. E eu sentín como se unha man invisible me tirase cara atrás, coma se me desconectasen do meu corpo. Caín ao chan. Esta vez non me desmaiei. Pero cando abrín os ollos, as catro versións de min xa non estaban. Ficara soa no corredor. Soa, mais cuns pensamentos moi intensos de dúbida. Quen era? Quen quería ser? Que estaba facendo coa miña vida hai uns minutos? E o máis importante: que vou facer agora?

-Elas viñeron por iso -pensei. Tiñan medo de en quen me ía converter.

A adiñeirada, que representaba o que nunca me permitín; a do pixama, que era a miña parte rota; a feliz, que eu xa non lembraba como se sentía, e a embarazada, que gardaba un futuro que eu nin quería nin sabía se podería soportar. Todas eran eu e ningunha era eu. E viñeran porque me estaba convertendo nalgo perigoso, alguén que xa nin se mira, nin se escoita, nin se recoñece. E por primeira vez na miña vida, en lugar de fuxir de min sentín ganas de buscarme.

Malena Granero Vázquez, 4º ESO B

O intento ao fracaso

Listo estarei para afrontar o destino unha vez máis.

Vouno conseguir, esta vez non caerei.

Intentas e intentas e volves tropezar.

Xa non podes máis, todo se esfarela,

Pois a doce luz do teu interior xa non ilumina.

Yago Pérez Abrales, 4º ESO B

Vida de Cor de Rosa

Doce xeadado de framboesa, tan fresca, tan suave

Frío doce que leva aroma de felicidade.

Pequena onda no corazón nada máis mirarte,
Latexo que renace, que esperta outra vez
Vida de cor de rosa é, pois a túa luz volveu a se acender.

Yago Pérez Abrales, 4º ESO B

Final do Destino

Para enfrontar o destino listo estarei,
Xunto a miña vida cor de rosa conseguirei avanzar,
Pouco a pouco a liberdade volverei atopar.
Año tras ano novas metas construirei
E por ti, no final do destino, esperarei
para encher coa túa luz a escuridade
que un día me deixou baleiro.

Yago Pérez Abrales, 4º ESO B

A Visión

Durmindo atópome na miña cama de unión,
Co son do reloxo latexando a miña razón.
Espertei de súpeto coa man no meu peito,
O corazón calado segue sen ter xeito.
Unha visión do futuro comezo a ver
Un aviso que di que mañá ao amencer
Unha alma estraña diante vai aparecer
E con ela ao destino obrigareime a volver.
O destino prepárase para atopar
O meu corpo ardendo por quen tanto ameí.
A muller que anhele que non deixo de soñar,
A luz que no meu mundo se quere abrigar,
Destino preparado para o reencontrar.

Yago Pérez Abrales, 4º ESO B

Brillo no Baleiro

Aquel brillo no Baleiro
Que na escuridade se deixa ver
É coma a esperanza en momentos de crise
É como o amor sen corresponder.
Porque aínda que todo estea apagado
Aquel lume segue brillando
Dando forza para avanzar
E as adversidades superar.
Aquel brillo no baleiro
O último que un ser ve,
Pode ser a desgracia dun señor
Ou a fortuna dunha Muller.
É o grito que non apagan
Aínda que o fagan estremecer,
Porque saben que non é folgazán
E non se vai torcer.

Estev Bedoya Neira, 4º ESO B

A estraña volta á casa

Nunha tarde de outono, Antón decidiu aventurarse polo bosque que había detrás da súa casa. Sempre lle parecera un lugar cheo de misterios, con árbores altas que semellaban tocar o ceo e regatos que cantaban baixiño entre as pedras. Pero ese día, sen decatarse, afastouse máis do que debía.

Camiñou e camiñou ata que todo empezou a parecer igual. As follas ruxían baixo os seus pés e o vento facía un ruído estraño entre as pólas. Antón notou como o corazón lle latexaba máis rápido. Estaba perdido.

Intentou lembrar o camiño de volta, pero cada sendeiro parecía levar a outro igual. A luz ía desaparecendo e Antón comezou a sentir medo de verdade. De súpeto, escoitou un miar suave. Era un gatiño branco, pequeno, que o miraba coma se o coñecese. Antón seguiu sen saber por que, e o gatiño foi guiándoo por entre as árbores.

Tras uns minutos que lle pareceron horas, Antón recoñeceu unha vella ponte de madeira. Estaba preto da súa casa. O neno correu, agradecido, e cando se virou para ver o gatiño... xa non estaba.

Aínda hoxe, Antón non sabe se aquel gatiño era real ou non, pero cada vez que pasa polo bosque pensa que, dalgún xeito, alguén ou algo quixo axudalo a volver á casa.

Antón Otero Martínez, 4º ESO B

AMOR DE NÓS

Ti es o rumor das ondas
que me chama dende lonxe,
a lapa que non se apaga
mesmo nas noites máis frías,
a voz que me sostén
cando o mundo pesa de máis.

E cando a tarde cae
e as sombras se estenden
coma un manto brando,
o teu ollar alumea
a senda que regreso a ti.

Mely Eliany Pérez Medina, 4º ESO B

POEMA QUE NON É POEMA

Non son versos longos, nin rima perfecta.
Non son palabras coidadas, nin estrutura correcta.
Non son metáforas raras, nin reflexións complexas.
Non son sílabas contadas, nin métrica concreta.
Este é o meu poema, cousa humilde e imperfecta.

María Granero Vázquez, 4º ESO B

ALEGRÍA

A alegría dáse sen preguntar.
A alegría dáse ao verte cantar.
A alegría dáse, contigo, sen pensar.
A alegría dáse coma un lume ao se achegar.
Sen ela non sería eu, e sen ti non sabería que é.

María Granero Vázquez, 4º ESO B

CAMIÑO SÓ

Camiño lento.

Sen destino concreto.

Só escoitando o meu alento.

Moitas ideas me pasan pola mente,

coma ondas que veñen e van libremente,

buscando respostas que foxen silenciosamente,

mentres a noite avanza lentamente,

e eu sigo o meu rumbo impaciente.

María Granero Vázquez, 4º ESO B

No campo o balón esperta

No campo o balón esperta a luz da emoción

E o corazón latexa ao ritmo da carreira

Mentres a herba canta baixo a bota lixeira

E o fútbol faise vida en cada nova ocasión.

Ser equipo é sentir que a forza nunca vai soa

Compartir cada paso coa mesma brancura

E saber que a amizade é a nosa mellor armadura

Cando a vitoria medra, forte, coma un canto que resoa.

Antón Rego Sánchez, 4º ESO B